

PROGRAMA EU Careers Ambassadors
Convocatoria 2023/2024
Universidade da Coruña

I. OBXECTO

A Universidade da Coruña (UDC) convoca unha praza para un/unha estudante que asuma as funcións de representante da Oficina Europea de Selección de Persoal (EPSO) durante o ano académico 2023/2024 na UDC.

EPSO é unha oficina interinstitucional que se encarga da selección de persoal principalmente para o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea, a Comisión Europea, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, o Comité Económico e Social Europeo, o Comité das Rexións, o Servizo Europeo de Acción Exterior, o Defensor do Pobo Europeo e o Supervisor Europeo de Protección de Datos. Cada unha desas institucións contrata persoal a partir dunha listaxe que lle facilita a EPSO.

A mencionada oficina xestiona o programa EU CAREERS AMBASSADORS, o cal está destinado a promocionar nas comunidades universitarias as distintas posibilidades de emprego nas institucións europeas.

II. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DO PROGRAMA

As funcións de representación da EPSO na UDC desenvolveranse dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

EPSO facilitará ao estudiantado seleccionado a formación previa e o material de apoio necesario para desenvolver o seu labor. A formación desenvolverase, previsiblemente, no mes de outubro de 2023 de xeito presencial en Luxemburgo. EPSO farase cargo dos gastos de aloxamento e de viaxe do/da estudante elixido/a que se traslade a Luxemburgo para asistir a esta formación.

III. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1. Ser cidadán/cidadá da Unión Europea.
2. Posuír fluidez na expresión en inglés e nun dos idiomas do país onde se esté estudando.
3. Estar matriculado/a nunha titulación de Grao ou Mestrado da UDC no momento de publicación da convocatoria.

4. Estar dispoñible para participar nunha formación obrigatoria previsiblemente en outubro de 2023.
5. Estar matriculado/a na UDC e asistir a clase ao longo de toda a duración do posto de embaixador/a (outubro de 2023 a setembro de 2024).

IV. OBRIGAS MÍNIMAS DO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A

1. Organizar ou participar como mínimo nun evento ou presentación de EU Careers.
2. Dedicar polo menos dúas horas semanais ao seu papel como embaixador/a.
3. Comunicarse periodicamente co/coa seu/súa coordinador/a EU Careers.
4. Participar en todas as actividades de formación organizadas online pola EPSO.
5. Manter un rexistro das súas actividades e informar sobre elas con regularidade.

V. PRAZO DE INSCRICIÓN

Desde o 13 ata o 26 de febreiro de 2023.

VI. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN PARA O ESTUDANTADO

1. O alumnado que desexe participar no programa EU Careers Ambassadors deberá cumprimentar o formulario que se atopa na seguinte ligazón: <https://forms.office.com/e/gGqewW1ig7>. A información sobre a convocatoria estará dispoñible na páxina web de emprego da UDC: <https://www.udc.es/gl/emprego/epso-eu-careers-ambassadors/>
2. O alumnado deberá anexar toda a documentación que se lle require no mencionado formulario, nomeadamente:
 - Copia do expediente académico onde figure a nota media con dous decimais (resulta suficiente co obtido a través da Secretaría Virtual).
 - Certificado/s de competencias lingüísticas en inglés. No caso de ser nativo/a ou bilingüe, xustificación desta condición.
 - Certificados ou xustificantes das actividades extracurriculares que o/a candidato/a desenvolvera ou desenvolva dende o seu ingreso na UDC (en casos excepcionais poderanse admitir actividades previas). Deben ser actividades non vinculadas á titulación cursada, como por exemplo pertenza a órganos colexiados, comisións/comités, asociacións, accións de voluntariado, asistencia a cursos e xornadas, formación en idiomas excluídos inglés e galego/castelán, etc. Darase

preferencia ás actividades máis directamente relacionadas co ámbito europeo. O máximo de actividades a reportar é de dez.

- Carta de motivación en **galego ou castelán** en formato .pdf e cunha extensión máxima de 500 palabras. Nesta carta, o estudante deberá explicar os motivos polos cales considera que debería ser elixido/a como embaixador/a. Poderá reflectir as competencias, habilidades e destrezas (especialmente as que non se podan detectar a través documentación aportada) que o/a fan especialmente apto/a para o posto, así como as súas aspiracións, motivacións e grao de compromiso. En todo caso, debe limitarse á extensión máxima e empregar unha redacción formal.

3. De ser preciso, poderase requirir ao/á estudante que aporte a documentación adicional que sexa oportuna coa fin de poder valorar axeitadamente a súa candidatura.

O/A estudante deberá proporcionar, no formulario habilitado ao efecto, os certificados e xustificantes que se indican na convocatoria. Só se terán en conta e, polo tanto, só se valorarán aqueles méritos debidamente xustificadas dentro do prazo de inscrición. De non facelo, quedará excluído/a do proceso de selección.

VII. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

A UDC designará as persoas candidatas de acordo cos principios de transparencia, capacidade e mérito. Conforme estes principios, aplicarase o seguinte baremo para a valoración das solicitudes:

1. Nota media do expediente académico (30% da valoración total): máximo 30 puntos.
 - Nota cualitativa “Aprobado”: ata 10 puntos.
 - Nota cualitativa “Notable”: ata 20 puntos.
 - Nota cualitativa “Sobresaliente”: ata 30 puntos.
2. Competencias lingüísticas en inglés (20% da valoración total): máximo 20 puntos.
 - Nivel B1: 5 puntos.
 - Nivel B2: 10 puntos.
 - Nivel C1: 15 puntos.
 - Nivel C2 ou bilingüe: 20 puntos.
3. Actividades extracurriculares (30% da valoración total): máximo 30 puntos.
 - Actividades de formación (asistencia a cursos, xornadas, idiomas excluídos inglés e galego/castelán, etc.): ata 5 puntos.
 - Actividades de cooperación e voluntariado: ata 10 puntos.
 - Actividades de participación e asociación (pertenza a comisións, asociacións, etc.): ata 15 puntos.

Terán unha ponderación superior aquelas actividades que estén directamente relacionadas co ámbito europeo, así como aquelas que conleven un maior número de horas.

4. Carta de motivación (20% da valoración total): máximo 20 puntos.

En caso necesario, poderase convocar aos/ás candidatos/as a unha entrevista persoal.

O/A candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña unha maior puntuación segundo o baremo anterior.

VIII. XESTIÓN DAS CANDIDATURAS E FASES DO PROCESO

A xestión das candidaturas levarase a cabo dende a Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

O proceso de selección desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

- Prazo de inscrición: do 13 ao 26 de febreiro de 2023.
- Publicación dunha unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas na sede electrónica da UDC, cunha orde de prelación das candidaturas admitidas: 1 de marzo de 2023. Presentación de reclamacións á listaxe provisoria: do 2 ao 5 de marzo de 2023. Para a reclamación achegarase o pertinente escrito á dirección de correo electrónico emprego.vepem@udc.gal, indicando no asunto “EU Careers Ambassadors: Reclamación”.
- Publicación da listaxe definitiva na sede electrónica da UDC, cunha orde de prelación das candidaturas presentadas e indicación expresa do/a candidato/a seleccionado/a en primeiro lugar: do 8 ao 10 de marzo de 2023.

A listaxe definitiva servirá como listaxe de agarda para que, no caso de existir renuncias, dende a Vicerreitoría se realice un chamamento por orde de puntuación.

IX. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados na concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpd@udc.gal). Todas as persoas que entren en contacto con estes datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

Os datos de carácter persoal aportados polas persoas solicitantes serán tratados para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria. A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, e así mesmo a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

X. INFORMACIÓN

Emprego UDC Campus de Ferrol
Edificio de Apoio ao Estudo, baixo
Campus de Esteiro
Extensións: 3618, 3617, 3616
Correo electrónico:
emprego.vepem@udc.gal

Emprego UDC A Coruña
Pavillón de Estudantes, 1º andar
Campus de Elviña
Extensións: 2916, 2903
Correo electrónico:
emprego.vepem@udc.gal

Adxunta da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade:
adxunta.vepem@udc.gal

A Coruña, 10 de febreiro do 2023

A Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña